

2. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2007, dáselle unha nova redacción ao número 4 e engádeselle un número 5 á disposición adicional décima do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«4. As deducións reguladas nos números 1 e 3 do artigo 38 desta lei determinaranse multiplicando as porcentaxes de dedución fixadas nesas números polos coeficientes establecidos na disposición adicional novena desta lei. A porcentaxe de dedución que resulte redondearase na unidade superior.

5. A porcentaxe de dedución establecida no número 2 do artigo 38 desta lei será do 18 por cento. Esa porcentaxe será do 5 por cento para o coprodutor financeiro.»

3. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2007, dáselles unha nova redacción aos números 2 e 3 da disposición transitoria vixésimo primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«2. As deducións establecidas no artigo 35 e no número 2 do artigo 38 desta lei, pendentes de aplicación ao comezo do primeiro período impositivo que se inicie a partir de 1 de xaneiro de 2012, poderanse aplicar no prazo e cos requisitos establecidos no capítulo IV do título VI desta lei, segundo a redacción vixente en 31 de decembro de 2011. Os devanditos requisitos son igualmente aplicables para consolidar as deducións practicadas en períodos impositivos iniciados antes daquela data.

3. As deducións establecidas nos números 1 e 3 do artigo 38 desta lei, pendentes de aplicación ao comezo do primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2014, poderanse aplicar no prazo e cos requisitos establecidos no capítulo IV do título VI desta lei, segundo a redacción vixente en 31 de decembro de 2013. Os devanditos requisitos son igualmente aplicables para consolidar as deducións practicadas en períodos impositivos iniciados antes daquela data.»

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

A lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.2 da Constitución, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial, coa excepción dos seguintes artigos:

1. Os artigos 8 e 9 dítanse ao abeiro do artigo 149.1.1.^a da Constitución, que reserva ao Estado a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

2. Os artigos 7; 10 a 18; 22 e 23; 24 a 27; 28; 31, 32, 33, 34 e 38 a 40, así como a disposición adicional décimo primeira, dítanse ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

3. O artigo 35 dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.15.^a relativo ao fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

4. A disposición adicional sétima dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución relativo ás normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 desta.

5. As disposicións adicionais oitava e novena dítanse ao abeiro do artigo 149.1.7.^a da Constitución, que reserva

ao Estado a lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

6. A disposición derradeira primeira dítase ao abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución, que reserva ao Estado a lexislación mercantil.

7. O artigo 21 e as disposicións adicional cuarta e derradeira segunda dítanse ao abeiro do artigo 149.1.14.^a, que reserva ao Estado a competencia sobre a facenda xeral e débeda do Estado.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento e habilitación normativa.*

1. Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei no ámbito das súas competencias.

2. Cando razóns técnicas ou de oportunidade así o aconsellen, o Goberno, oídas as comunidades autónomas, poderá modificar as porcentaxes establecidas no artigo 18 para o cumprimento da cota de pantalla e no artigo 24 para a minoración de importes das axudas á produción.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o disposto no artigo 36, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

22440 LEI 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información. («BOE» 312, do 29-12-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Esta lei enmárcase no conxunto de medidas que constitúen o Plan 2006-2010 para o desenvolvemento da sociedade da información e de converxencia con Europa e entre comunidades autónomas e cidades autónomas, Plan Avanza, aprobado polo Goberno en novembro de 2005.

O Plan Avanza prevé entre as súas medidas a adopción dunha serie de iniciativas normativas dirixidas a eliminar as barreiras existentes para a expansión e o uso das tecnoloxías da información e das comunicacións e para garantir os dereitos dos cidadáns na nova sociedade da información.

Nesta liña, esta lei, por unha parte, introduce unha serie de innovacións normativas en materia de facturación electrónica e de reforzo dos dereitos dos usuarios e, por outra parte, acomete as modificacións necesarias no ordenamento xurídico para promover o impulso da sociedade da información.

Neste sentido, introdúcense unha serie de modificacións tanto da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, como da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura

electrónica, que constitúen dúas pezas angulares do marco xurídico en que se sitúa o desenvolvemento da sociedade da información.

Esta revisión do ordenamento xurídico complétase con outras modificacións menores da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, e da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retallista.

II

O capítulo I da lei introduce os preceptos dirixidos a impulsar o emprego da factura electrónica e o uso de medios electrónicos en todas as fases dos procesos de contratación e a garantir unha interlocución electrónica dos usuarios e consumidores coas empresas que presten determinados servizos de especial relevancia económica.

En materia de facturación electrónica, o artigo 1 establece a obrigatoriedade do uso da factura electrónica no marco da contratación co sector público estatal nos termos que precise a Lei reguladora de contratos do sector público, define o concepto legal de factura electrónica e, así mesmo, prevé actuacións de complemento e afondamento do uso de medios electrónicos nos procesos de contratación.

Así, o citado precepto prevé que o Goberno determinará o órgano competente da Administración xeral do Estado que impulsará o emprego da factura electrónica entre os diversos axentes do mercado, en particular, entre as pequenas e medianas empresas e nas denominadas microempresas, de acordo coa definición establecida na Recomendación C(2003) 1422 da Comisión Europea, do 6 de maio do 2003, co fin de fomentar o desenvolvemento do comercio electrónico. Pola súa parte, as comunidades autónomas, de acordo coas competencias que teñan recoñecidas polos seus estatutos, colaborarán, en coordinación coa Administración do Estado, no emprego da factura electrónica.

De igual modo, o Goberno ou, de ser o caso, as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias desenvolverán, en cooperación coas asociacións representativas das empresas provedoras de solucións técnicas de facturación electrónica e das asociacións relevantes de usuarios, un plan para a xeneralización do uso da factura electrónica en España, e definirán, así mesmo, os contidos básicos deste plan.

Así mesmo, a lei habilita os ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda, respectando as competencias recoñecidas ás comunidades autónomas, para que aproben as normas sobre formatos estruturados estándar de facturas electrónicas que sexan necesarias para facilitar a interoperabilidade tanto no sector público coma no sector privado e permitan facilitar e potenciar o tratamento automatizado daquelas.

Ademais, o citado precepto, indo alén do impulso á extensión do uso da factura electrónica, encoméndalles ás diversas administracións públicas, no ámbito das súas competencias, a promoción da extensión e xeneralización do uso de medios electrónicos nas demais fases dos procesos de contratación.

O artigo 2, pola súa banda, establece a obriga das empresas de determinados sectores con especial incidencia na actividade económica (entre outras, compañías dedicadas á subministración de electricidade, auga e gas, telecomunicacións, entidades financeiras, aseguradoras, grandes superficies, transportes, axencias de viaxe) de lles facilitar un medio de interlocución telemática aos usuarios dos seus servizos que contén certificados recoñecidos de sinatura electrónica.

Esta nova obriga ten por finalidade asegurar que os cidadáns contén cunha canle de comunicación electrónica coas empresas cuxos servizos teñen unha maior transcendencia no desenvolvemento cotián das súas vidas.

Para tales efectos, especificase que a dita interlocución telemática deberá facilitar, cando menos, a realización de trámites tales como a contratación electrónica, a modificación de condicións contractuais, altas, baixas, queixas, histórico de facturación, substitución de informacións e datos en xeral, así como o exercicio dos seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación en materia de protección de datos. Así mesmo, prevese que o devandito medio de interlocución telemática sirva para substituír os trámites que actualmente se realicen por fax. Non obstante, o citado precepto non impide que excepcionalmente as empresas obrigadas por el non faciliten a contratación de produtos ou servizos que pola súa natureza non sexan susceptibles de comercialización por vía electrónica.

Esta obriga virá complementar a garantía do dereito dunha comunicación electrónica dos cidadáns coas administracións públicas, establecida na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en execución dun dos mandatos normativos contidos no Plan Avanza.

Por último, o artigo 3 ten por finalidade establecer unha regulación mínima das poxas electrónicas entre empresarios (B2B) a fin de establecer un marco xurídico que dote esta técnica de compra da necesaria transparencia e seguranza xurídica.

Neste sentido, a regulación prevista ten por obxecto evitar as suspicacias das empresas á hora de participar nestes novos métodos de compra e eliminar calquera tipo de práctica ou competencia desleal. En definitiva, trátase de garantir a través dun precepto específico os principios de igualdade de trato, de non-discriminación e de transparencia entre empresas.

III

O capítulo II da lei engloba as modificacións lexislativas que se consideraron necesarias para promover o impulso da sociedade da información e das comunicacións electrónicas.

Tales modificacións afectan principalmente a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, e a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, ben que se inclúen tamén modificacións de menor entidade da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, se modifica a Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retallista, para incluír un novo tipo de infracción que dea apoio ao disposto no artigo 2 desta lei, se introducen unha serie de cambios na Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, e se introducen, así mesmo, modificacións na Lei de propiedade intelectual.

O artigo 4 da lei inclúe as diferentes modificacións necesarias no vixente texto da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico (LSSI).

Estas modificacións teñen como finalidade, en primeiro lugar, revisar ou eliminar obrigas excesivas ou innecesarias e, en segundo lugar, flexibilizar as obrigas referidas ás comunicacións comerciais e á contratación electrónicas co fin de, entre outras razóns, adecuar a súa aplicación ao uso de dispositivos móbiles.

A primeira medida prevista é a nova redacción do artigo 8, que regula as restricións á prestación de servizos da sociedade da información e o seu procedemento de cooperación intracomunitario. Polo que se refire ao primeiro aspecto, é dicir, as restricións aos servizos de telecomunicacións, este precepto establece que, no caso de que un determinado servizo desta natureza atente contra os principios que no propio precepto se recollen, os órganos competentes para a súa protección adoptarán as medidas necesarias para que se poida interromper a súa prestación ou retirar os datos que os vulneran. Os princi-

pios obxecto de protección son: a salvagarda da orde pública, a investigación penal, a seguranza pública e a defensa nacional; a protección da saúde pública ou das persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de consumidores e usuarios; o respecto á dignidade da persoa e ao principio á non-discriminación por motivos de raza, sexo, relixión, opinión, nacionalidade, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social, e finalmente, a protección da xuventude e da infancia. Como non pode ser doutra maneira, prevese que na adopción destas medidas se respectarán sempre as garantías e procedementos establecidos nas leis. Finalmente, sobre este punto das restricións á prestación de servizos da sociedade da información, o artigo 8 incorpora, ademais, o principio de que só a autoridade xudicial competente, nos casos en que a Constitución e as leis dos respectivos dereitos e liberdades fundamentais así o prevexan de forma excluínte, poderá adoptar as medidas restritivas previstas neste artigo, en tanto que garante dos dereitos á liberdade de expresión, de produción e creación literaria científica e técnica, de información e de cátedra.

En relación co procedemento de cooperación intracomunitario, o vixente número 4 do artigo 8 mantén practicamente a súa redacción, pois constitúe unha transposición necesaria do procedemento intracomunitario de cooperación previsto na Directiva 2000/31/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño do 2000, relativa a determinados aspectos xurídicos dos servizos da sociedade da información, en particular, o comercio electrónico no mercado interior. Pola súa parte, o vixente número 2 do artigo 8, sobre colaboración de prestadores de servizos de intermediación para impedir o acceso desde España a servizos ou contidos cuxa interrupción ou retirada decidise un órgano competente, trasládase ao artigo 11.

En coherencia coa nova redacción do artigo 8 elimínase tamén a alínea a) do número 2 do artigo 38, polo que se tipifica como infracción administrativa moi grave o incumprimento das ordes ditadas por órganos administrativos en virtude do artigo 8. A este respecto, considérase que os órganos competentes para impor restricións no mundo físico, xa sexan xudiciais ou administrativos –pénsese, por exemplo, nas autoridades de control sanitario– deberán estar habilitados polas súas propias normas para lles impor tales restricións aos prestadores de servizos da sociedade da información cando incumpran unha orde emitida por eles en exercicio das súas competencias legalmente atribuídas. Sen prexuízo do anterior, a nova redacción do número 4 do artigo 8 remite ao artigo 11 para habilitar o órgano competente a requirir a colaboración dos prestadores de servizos de intermediación en caso de consideralo necesario para garantir a eficacia das medidas que tiver adoptado.

Como consecuencia das modificacións realizadas no artigo 8 procédese a facer un axuste técnico na remisión contida no artigo 4, que agora debe remitirse ao artigo 11.

A segunda modificación importante prevista en relación coa Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico (LSSI), é a supresión da obriga establecida no artigo 9 sobre constancia rexistral dos nomes de dominio, dado que se revelou como pouco operativa desde un punto de vista práctico.

En coherencia coa supresión do artigo 9 prevese tamén a eliminación da alínea a) do número 4 do artigo 38, na cal se tipifica como infracción administrativa leve o incumprimento do disposto no artigo 9.

Como consecuencia da supresión do artigo 9 procédese a unha modificación técnica na redacción da alínea b) do número 1 do artigo 10. Así mesmo, realízase un axuste de redacción na alínea f) do número 1 do artigo 10.

En terceiro lugar, entendeuse necesaria a modificación do artigo 11. A redacción vixente do artigo inclúe unha posibilidade de intervención do Ministerio de Cien-

cia e Tecnoloxía (hoxe Ministerio de Industria, Turismo e Comercio) que se eliminou. Neste sentido, son os propios órganos competentes os que, en exercicio das competencias que legalmente teñan atribuídas, deben dirixirse directamente aos prestadores de servizos de intermediación, sen que sexa necesario que un departamento alleo, como é o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, interveña nun procedemento no que se diluciden asuntos nos que carece de competencias.

Por outra parte, precisase no artigo 11 que a suspensión do servizo que se lles pode ordenar aos prestadores de servizos de intermediación se circunscribe a aqueles empregados por terceiros para prover o servizo da sociedade da información ou facilitar o contido cuxa interrupción ou retirada fose ordenada. Engádese, ademais, un novo número 2, que traslada a este artigo a previsión actualmente establecida no número 2 do artigo 8, que prevé a posibilidade de requirir a colaboración dos prestadores de servizos de intermediación para impedir o acceso desde España a servizos ou contidos cuxa interrupción ou retirada fose decidida.

Igualmente, inclúese un novo inciso no número 3 do artigo 11 que aclara que a autorización do secuestro de páxinas da internet ou da súa restrición cando esta afecte os dereitos e liberdades de expresión e información e demais amparados nos termos establecidos no artigo 20 da Constitución só poderá ser decidida polos órganos xurisdiccionais competentes.

Por outra parte, inclúese un novo artigo 12 bis, que establece a obriga dos provedores de acceso á internet establecidos en España de informar os seus usuarios sobre os medios técnicos que permitan, entre outros, a protección fronte a virus informáticos e programas espía, a restrición dos correos electrónicos non solicitados, e a restrición ou selección do acceso a determinados contidos e servizos non desexados ou nocivos para a xuventude e a infancia.

Igualmente, obrígase os devanditos prestadores, así como os prestadores de servizos de correo electrónico, a informar os seus clientes sobre as medidas de seguranza que aplican na provisión dos seus servizos.

Así mesmo, encoméndaselles aos provedores de servizos de acceso a función de informar os seus clientes sobre as posibles responsabilidades en que poidan incurrir polo uso da internet con fins ilícitos, en particular, para a comisión de ilícitos penais e pola vulneración da lexislación en materia de propiedade intelectual e industrial. Co fin de reafirmar estas obrigas inclúese un novo tipo de infracción leve no número 4 do artigo 38 que, tendo en conta a supresión da vixente alínea a), lle dará novo contido.

Outra modificación considerada necesaria é a revisión da vixente redacción do número 2 do artigo 17 a fin de aclarar e precisar que, en virtude del, se responsabiliza o provedor do link ou do motor de busca dos contidos de que ten coñecemento cando fosen elaborados baixo a súa «dirección, autoridade ou control».

Incorpórase unha nova redacción ao número 3 do artigo 18, no sentido de que os códigos de conduta a que se refire este precepto deberán ser accesibles por vía electrónica, fomentándose a súa tradución nas distintas linguas oficiais do Estado e da Unión Europea co fin de lles proporcionar a maior difusión posible.

En materia de comunicacións comerciais flexibilízase a exigencia de información prevista no vixente artigo 20 sobre mensaxes publicitarias a través de correo electrónico ou medios de comunicación equivalentes de modo que, na vez da inserción do termo «publicidade» ao inicio da mensaxe, poida incluírse a abreviatura «publi». Trátase dunha medida que ten sido solicitada en diversas ocasións por axentes que desenvolven actividades relacionadas coa publicidade a través de telefonía móbil e, por outra parte, non supón menoscabo da protección e dos dereitos de información dos usuarios, xa que o termo

«publi» é doadamente recoñecible como indicativo de «publicidade».

Adicionalmente, realízanse axustes menores na redacción do mencionado artigo co fin de o aliñar en maior medida co disposto na Directiva 2000/31/CE.

En materia de contratación electrónica realízase un axuste da redacción actual do artigo 24 co fin de incluír unha remisión expresa á Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e destacar así o especial valor probatorio dos contratos electrónicos que sexan celebrados mediante o uso de instrumentos de sinatura electrónica.

De igual modo, axústase o artigo 27, relativo ás obrigas de información previa en materia de contratación electrónica, á luz da experiencia acumulada na súa aplicación por parte do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en exercicio das súas competencias de inspección e control de páxinas da internet. Neste sentido, prevese que a información que debe facilitarse se deberá «pór á disposición» dos usuarios «mediante técnicas adecuadas ao medio de comunicación utilizado», flexibilizando deste modo a redacción anterior con vistas a facilitar a realización de operacións de contratación electrónica mediante dispositivos que contén con pantallas de visualización de formato reducido.

Así mesmo, inclúese na nova redacción do artigo 27 unha regra aclaratoria pola cal, cando o prestador de servizos deseñe especificamente os seus servizos de contratación electrónica para que poida acceder a eles mediante dispositivos que contén con pantallas de formato reducido, se entenderán cumpridas as obrigas de información previa establecidas no dito precepto cando o citado prestador facilite de maneira permanente, fácil, directa e exacta o enderezo da internet en que tal información é posta á disposición do destinatario.

Tamén se modifica o número 2 do artigo 27 co fin de eliminar o inciso «cando non se utilicen estes medios co exclusivo propósito de eludir o cumprimento da dita obriga», dado que na práctica é imposible determinar cando se fai con este propósito.

Este artigo 4 modifica tamén os artigos 33, 35 e 43 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos de sociedade da información e do comercio electrónico.

As modificacións que se introducen nos artigos 33 e 35 teñen por obxecto adaptar o seu contido á vixente organización da Administración territorial do Estado en función das competencias que teñen atribuídas tanto a Administración xeral do Estado como aquelas das comunidades autónomas.

Por outra parte, dásele unha nova redacción ao artigo 43 da Lei 34/2002, que se refire á potestade sancionadora. En concreto, a nova redacción establece que a imposición de sancións por incumprimento do establecido na dita lei lle corresponderá ao órgano ou autoridade que ditou a resolución incumplida ou ao que estean adscritos os inspectores. No ámbito das comunidades autónomas, as infraccións contra dereitos e garantías dos consumidores e usuarios serán sancionadas polos órganos correspondentes en materia de consumo.

Ademais, incorpórase unha nova redacción á disposición adicional terceira da mencionada lei, sobre o sistema arbitral de consumo, no sentido de que os prestadores e destinatarios dos servizos da sociedade da información poden someter os seus conflitos a este sistema de resolución.

Finalmente, revísase, actualízase e amplíase o contido da actual disposición adicional quinta, referida á accesibilidade das páxinas da internet, a fin de garantir adecuadamente a accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos.

IV

O artigo 5 da lei recolle as modificacións necesarias no articulado da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Estas modificacións teñen por obxecto clarificar as regras de valoración da sinatura electrónica en xuízo e flexibilizar a obriga dos prestadores de servizos de certificación de comprobar os datos inscritos en rexistros públicos a fin de eliminar cargas excesivas.

O primeiro aspecto que se revisa do artigo 3 da Lei de sinatura electrónica é a definición de «documento electrónico», que se modifica para aliñala en maior medida cos conceptos utilizados noutras normas españolas de carácter xeral e nos países da nosa contorna.

En segundo lugar, aclárase a redacción do número 8 do artigo 3, especificando que o que debe comprobarse, caso de impugnarse en xuízo unha sinatura electrónica recoñecida, é se concorren os elementos constitutivos do citado tipo de sinatura electrónica, é dicir, que se trata dunha sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, que cumpre todos os requisitos e condicións establecidos nesta lei para este tipo de certificados electrónicos, e que a sinatura se xerou mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura electrónica.

A terceira modificación acometida é a revisión da regra de exención de responsabilidade establecida no segundo inciso do número 5 do artigo 23 da lei, que resulta excesivamente rixida e onerosa para os prestadores de servizos de certificación, polo que se procede á súa oportuna flexibilización.

En coherencia coa mencionada modificación do artigo 23, corríxese tamén o artigo 13, prevendo que para a comprobación dos datos relativos ás persoas xurídicas e á representación destas será suficiente que sexan achegados e cotexados os documentos públicos en que figuren os citados datos, establecendo así un nivel de exixencia equiparable ao empregado polas propias administracións públicas no cotexo e verificación da suficiencia dese tipo de datos.

Introdúcese, ademais, unha modificación técnica da actual redacción do número 4 do artigo 31.

Por último, igual ca no caso da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos de sociedade da información e do comercio electrónico, este artigo incorpora unha disposición adicional décimo primeira á Lei de sinatura electrónica, sobre resolución de conflitos, no sentido de que os usuarios e prestadores de servizos de certificación poderán someter as desavenencias que se susciten entre eles ao procedemento arbitral.

V

O artigo 6 inclúe un novo tipo de infracción no artigo 64 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, a fin de dar apoio á nova obriga de dispor dun medio de interlocución electrónica para a prestación de servizos ao público de especial transcendencia económica establecido no artigo 2 desta lei.

O artigo 7 da lei introduce unha serie de modificacións na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

A primeira destas modificacións afecta o punto primeiro do artigo 22, alíneas a) e c), cuxa finalidade é asegurar o acceso aos servizos telefónicos e da internet como servizo universal. Mediante a redacción da alínea a) do artigo 22, número 1, garántese que todos os usuarios finais poidan obter unha conexión á rede pública desde unha localización fixa e acceder á prestación de servizo telefónico. A conexión débelle ofrecer ao usuario a posibilidade de efectuar e recibir chamadas telefónicas e permitir comunicacións de fax e datos de velocidade suficiente para acceder á internet, debendo permitir a dita conexión comuni-

cacións en banda larga nos termos definidos pola normativa vixente.

A redacción da alínea c) do citado precepto garante tanto a existencia dunha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento en todo o territorio nacional, que satisfaga a necesidades dos usuarios, en cobertura xeográfica e en número de aparellos, e a accesibilidade dos ditos teléfonos polos usuarios con discapacidades, como a calidade dos servizos, coa posibilidade de efectuar gratuitamente chamadas de emerxencia, e finalmente a existencia dunha oferta suficiente de equipamentos terminais de acceso á internet de banda larga nos termos que establece a lexislación en vigor.

Co fin de reforzar os dereitos dos usuarios fronte aos provedores de redes e servizos de comunicacións electrónicas, modifícanse os artigos 53 e 54 da Lei xeral de telecomunicacións, mediante a tipificación como infracción administrativa do incumprimento por parte dos operadores dos dereitos dos consumidores e usuarios no ámbito das telecomunicacións.

Así mesmo, reestablécese a exención da antiga taxa por reserva de uso especial do espectro a radioaficionados e usuarios da Banda Cidadá CB-27 que figuraba na Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, para aqueles usuarios que na data de exixencia tiveren cumpridos os 65 anos de idade, así como para os beneficiarios dunha pensión pública ou que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100.

O artigo 8 establece un novo réxime aplicable ás tarifas polas tarefas de asignación, renovación e outras operacións rexistradas realizadas pola entidade pública empresarial Red.es en exercicio da súa función de autoridade de asignación dos nomes de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España, que pasarán a ter a consideración de prezo público. Con isto, permíteselle á entidade pública empresarial Red.es comercializar os nomes de dominio «.es» nas mesmas condicións en que se comercializan o resto de nomes de dominio xenéricos e territoriais.

A disposición adicional primeira prevé que a autoridade de asignación dos nomes de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España («.es») adopte as medidas que sexan necesarias para asegurar que poidan asignarse nomes de dominio que conteñan caracteres propios das linguas oficiais de España distintos dos incluídos no alfabeto inglés, como é a letra «ñ» ou a «ç», nun prazo máximo de 3 meses desde a entrada en vigor desta lei.

A disposición adicional segunda prevé que o Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, impulsará a extensión da banda larga co fin de conseguir antes do 31 de decembro de 2008 unha cobertura de servizo universal de banda larga para todos os cidadáns, independentemente do tipo de tecnoloxía utilizada en cada caso e da súa localización xeográfica. A acción do Goberno deberase dirixir prioritariamente ás áreas en que a acción dos mecanismos do mercado sexa insuficiente.

Así mesmo, especificase que o Goberno analizará de forma continua as diferentes opcións tecnolóxicas e as condicións de provisión de servizos de acceso á internet de banda larga. Para iso colaborárase cos diferentes sectores interesados a fin de que asesoren o Goberno na elaboración dun informe anual sobre a situación do uso dos servizos de acceso á internet de banda larga en España que terá carácter público e poderá incluír recomendacións para acelerar o despregamento destes servizos. Estas análises e informes deberanse elaborar de forma territorializada por comunidades autónomas, compartíndose os datos en formato electrónico coas administracións que o soliciten.

Pola súa parte, a disposición adicional terceira prevé que o Goberno elabore no prazo de seis meses un plan para a mellora dos niveis de seguranza e confianza na

internet, que incluíra directrices e medidas para aumentar a seguranza fronte ás ameazas da internet e protexer a privacidade on line.

A disposición adicional cuarta refírese ás funcións da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información e aos órganos estatísticos das comunidades autónomas en materia de requirimentos de información para fins estatísticos e de análise. Para estes efectos, atribúeselle á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información tanto a facultade de obter dos axentes que operan no sector das tecnoloxías da información e da sociedade da información en xeral a información necesaria para o exercicio das súas funcións como a potestade de sancionar as infraccións consistentes en non lle facilitar a aquela a información requirida.

Na disposición adicional quinta establécese a obriga de que na elaboración dos proxectos de obras de construción de estradas ou de infraestruturas ferroviarias se prevea a instalación de canalizacións para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas ao longo de toda a súa lonxitude e do equipamento para asegurar a cobertura de comunicacións móbiles en todo o seu percorrido. Estas canalizacións deberanse pór á disposición dos operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas interesados en condicións equitativas, non discriminatorias, neutrais e orientadas a custos.

A disposición adicional sexta encoméndalle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a función de manter unha base de datos actualizada e sectorializada, como mínimo por ámbitos territoriais de comunidade autónoma, sobre o despregamento e cobertura de infraestruturas e servizos de comunicacións electrónicas e da sociedade da información en España.

A disposición adicional sétima establece que a constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións terá lugar no momento que se sinale no real decreto de aprobación do seu estatuto.

A disposición adicional oitava modifica o número 13 do artigo 48 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. A norma establece en Barcelona a sede da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, que disporá de patrimonio independente do patrimonio do Estado. Coa introdución desta disposición outórgase rango de lei ao establecemento da sede da devandita comisión.

As disposicións adicionais novena e décima modifican, respectivamente, a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co obxecto de rebaixar de maneira drástica os tempos de constitución dunha sociedade limitada, que se poderán reducir ata catro días.

En concreto, a modificación baséase nas seguintes medidas: (i) introdución dun modelo tipo ou orientativo de estatutos na sociedade de responsabilidade limitada; (ii) axilización dos trámites que implican a obtención dunha denominación social como paso previo á constitución dunha sociedade de responsabilidade limitada, sen por iso restar importancia á seguranza que ofrece ao tráfico mercantil o sistema vixente de denominacións sociais, tutelado polo Rexistro Mercantil Central; e (iii) facultar os administradores, desde o outorgamento da escritura fundacional, para o desenvolvemento do obxecto social e para a realización de toda clase de actos e contratos relacionados con el.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, modificada pola

Directiva 98/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

A disposición adicional décimo primeira introduce un aspecto de significativa relevancia xa que insta as administracións públicas a promover o impulso, o desenvolvemento e a aplicación dos estándares de accesibilidade para as persoas con discapacidade nos deseños e procesos baseados nas novas tecnoloxías da sociedade da información.

Para garantir o dereito dos cidadáns á utilización das distintas linguas do Estado, a disposición adicional décimo segunda imponse ás administracións públicas o deber de fomentar o pluralismo lingüístico na sociedade da información e a décimo terceira establece, co fin de impulsar os medios electrónicos propios destas tecnoloxías, a obriga de regular os instrumentos telemáticos necesarios para ser utilizados por aqueles profesionais colexiados que elaboren e preparen proxectos e informes que deban incorporarse aos procedementos que tramiten as administracións públicas.

A disposición adicional décimo cuarta atribúelle ao Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías de Información e Comunicación (CENATIC), en colaboración cos centros autónomos de referencia e co Centro de Transferencia de Tecnoloxía entre Administracións Públicas da Administración xeral do Estado a difusión das aplicacións declaradas de fonte aberta polas propias administracións públicas. Igualmente, o CENATIC encargarase do asesoramento sobre os aspectos xurídicos, tecnolóxicos e metodolóxicos para a liberación do software e coñecemento.

Con obxecto de fomentar a participación da sociedade e das entidades privadas sen ánimo de lucro e garantir o pluralismo e a liberdade de expresión na sociedade da información, a lei inclúe unha disposición adicional décimo quinta en virtude da cal se establecerán os medios de apoio e as liñas de financiamento para o desenvolvemento dos servizos da sociedade da información promovidos por estas entidades e que fomenten os valores democráticos, a participación cidadá e atendan ao interese xeral ou presten servizos a grupos sociais desfavorecidos.

A disposición adicional décimo sexta refírese á posta á disposición dos cidadáns, nos termos legalmente establecidos, dos contidos dixitais das administracións públicas de cuxos dereitos de propiedade intelectual sexan titulares ou pertencen ao dominio público.

A disposición adicional décimo sétima ofrece a posibilidade, tanto ás persoas físicas como xurídicas, de pór á disposición do público os contidos das obras dixitalizadas de que sexan titulares, coa finalidade de fomentar as novas tecnoloxías e a sociedade da información entre os cidadáns.

CAPÍTULO I

Medidas de impulso da sociedade da información

Artigo 1. *Medidas de impulso da factura electrónica e do uso de medios electrónicos noutras fases dos procesos de contratación.*

1. A facturación electrónica no marco da contratación co sector público estatal será obrigatoria nos termos que estableza a Lei reguladora da contratación no sector público e a súa normativa de desenvolvemento.

Para estes efectos, entenderase que a factura electrónica é un documento electrónico que cumpre cos requisitos legal e regulamentariamente exixibles ás facturas e

que, ademais, garante a autenticidade da súa orixe e a integridade do seu contido, o que impide o repudio da factura polo seu emisor.

2. O Goberno determinará o órgano competente da Administración xeral do Estado que impulsará o emprego da factura electrónica entre empresarios, profesionais e demais axentes do mercado, en particular, entre as pequenas e medianas empresas e nas denominadas microempresas, co fin de fomentar o desenvolvemento do comercio electrónico. As comunidades autónomas, de acordo coas competencias que teñan recoñecidas polos seus estatutos, colaborarán, en coordinación coa Administración do Estado, no impulso do emprego da factura electrónica.

O Goberno ou, de ser o caso, as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, establecerán, nun prazo máximo de nove meses desde a entrada en vigor desta lei –ou no prazo que no seu lugar estableza a Administración competente–, en coordinación coas comunidades autónomas –cando non lles corresponda a elaboración propia– e logo de consulta ás asociacións relevantes representativas das entidades proveedoras de solucións técnicas de facturación electrónica, ás asociacións relevantes de usuarios destas, e aos colexios profesionais que agrupen técnicos do sector da sociedade da información e das telecomunicacións, un plan para a xeneralización do uso da factura electrónica en España.

O citado plan conterá, entre outros, os criterios de accesibilidade e promoverá a interoperabilidade das distintas solucións de facturación electrónica. O plan da Administración xeral do Estado establecerá esquemas específicos de axudas económicas para a implantación da factura electrónica, nos cales se preverán uns fondos xerais para as comunidades autónomas que desenvolvan o seu propio plan para a xeneralización do uso da factura electrónica, e serán estas últimas as que precisarán os destinos e condicións de tramitación e concesión das axudas derivadas destes fondos.

3. Os ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda, tendo en conta as competencias recoñecidas ás comunidades autónomas, aprobarán, nun prazo máximo de 6 meses desde a entrada en vigor desta lei, as normas sobre formatos estruturados estándar de facturas electrónicas que sexan necesarias para facilitar a interoperabilidade do sector público co sector privado e favorecer e potenciar o seu tratamento automatizado. Estas normas non serán restritivas e fomentarán que o sector público adopte os formatos de ampla implantación definidos polas organizacións de estandarización globais pertinentes.

Os formatos estruturados das facturas electrónicas permitirán a súa visualización e emisión nas distintas linguas oficiais existentes, coa finalidade de garantir os dereitos dos usuarios.

4. Ademais, as diversas administracións públicas promoverán, no ámbito das súas competencias e segundo o seu criterio, a incorporación da factura electrónica nas diferentes actuacións públicas distintas da contratación, en particular, en materia de xustificación de axudas e subvencións.

5. Será de aplicación ao tratamento e conservación dos datos necesarios para a facturación electrónica o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 2. *Obriga de dispor dun medio de interlocución telemática para a prestación de servizos ao público de especial transcendencia económica.*

1. Sen prexuízo da utilización doutros medios de comunicación a distancia cos clientes, as empresas que

presten servizos ao público en xeral de especial transcendencia económica deberanlles facilitar aos seus usuarios un medio de interlocución telemática que, mediante o uso de certificados recoñecidos de sinatura electrónica, lles permita a realización de, cando menos, os seguintes trámites:

a) Contratación electrónica de servizos, subministracións e bens, a modificación e finalización ou rescisión dos correspondentes contratos, así como calquera acto ou negocio xurídico entre as partes, sen prexuízo do establecido na normativa sectorial.

b) Consulta dos seus datos de cliente, que incluírán información sobre o seu historial de facturación de, cando menos, os últimos tres anos e o contrato suscrito, incluídas as condicións xerais, de as haber.

c) Presentación de queixas, incidencias, suxestións e, se for o caso, reclamacións, garantindo a constancia da súa presentación para o consumidor e asegurando unha atención persoal directa.

d) Exercicio dos seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, terán a consideración de empresas que presten servizos ao público en xeral de especial transcendencia económica as que agrupen máis de cen traballadores ou aquelas cuxo volume anual de operacións, calculado conforme o establecido na normativa do imposto sobre o valor engadido, exceda os 6.010.121,04 euros e sempre que, en ambos os casos, operen nos seguintes sectores económicos:

a) Servizos de comunicacións electrónicas a consumidores, nos termos definidos na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

b) Servizos financeiros destinados a consumidores, que incluírán os servizos bancarios, de crédito ou de pagamento, os servizos de investimento, as operacións de seguros privados, os plans de pensións e a actividade de mediación de seguros. En particular, entenderase por:

1. Servizos bancarios, de crédito ou de pagamento: as actividades relacionadas no artigo 52 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

2. Servizos de investimento: os definidos como tales na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

3. Operacións de seguros privados: as definidas no artigo 3 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro.

4. Plans de pensións: os definidos no artigo 1 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro.

5. Actividade de corredor de seguros: a definida na Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación en seguros e reaseguros privados.

c) Servizos de subministración de auga a consumidores, definidos de acordo coa normativa específica.

d) Servizos de subministración de gas a retalho, de acordo co disposto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

e) Servizos de subministración eléctrica a consumidores finais, de acordo co disposto no título VIII da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

f) Servizos de axencia de viaxes, de acordo co disposto no Real decreto 271/1988, do 25 de marzo, polo que se regula o exercicio das actividades propias das axencias de viaxes.

g) Servizos de transporte de viaxeiros por estrada, ferrocarril, por vía marítima, ou por vía aérea, de acordo co disposto na normativa específica aplicable.

h) Actividades de comercio a retalho, nos termos fixados no número 2 do artigo 1 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio detallista, e na súa normativa de desenvolvemento, ás cales serán de aplicación unicamente as alíneas c) e d) do número 1 deste artigo.

3. Excepcionalmente, o Goberno ou, de ser o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán ampliar o ámbito de aplicación do número 1 deste artigo a outras empresas diferentes das previstas na lei, naqueles casos en que, pola natureza do servizo que presten, se considere que no desenvolvemento da súa actividade normal deban ter unha interlocución telemática cos seus clientes ou usuarios.

No prazo dun ano desde a entrada en vigor da obriga a que se refire o número 1, o Goberno analizará a aplicación do número 2 deste artigo a outras empresas con máis de cen traballadores ou que teñan un volume anual de operacións, calculado conforme o establecido na normativa do imposto sobre o valor engadido, superior a 6.010.212,04 euros, que no desenvolvemento da súa actividade normal presten servizos nos que se considere que deban ter unha interlocución telemática cos seus clientes ou usuarios.

As comunidades autónomas con competencias exclusivas nas materias obxecto de obriga de comunicación telemática poderán modificar o ámbito e a intensidade de aplicación do número 1 deste artigo naqueles casos en que precisamente debido ao desenvolvemento sectorial das súas competencias o consideren oportuno.

Artigo 3. *Ofertas públicas de contratación electrónica entre empresas.*

1. Para os efectos deste precepto enténdese por oferta pública de contratación electrónica entre empresas aquel servizo da sociedade da información que consiste nun proceso enteiramente electrónico aberto e limitado no tempo, polo que unha empresa ofrece a posibilidade de comprar ou vender un determinado tipo de produtos a outras empresas de maneira que a contratación final se adxudique á proposta mellor valorada.

2. As ofertas públicas de contratación electrónica entre empresas que se adscriban ao protocolo de transparencia descrito no número 3 deste artigo poderán exhibir a denominación de «Oferta pública de contratación electrónica de transparencia garantida».

3. Para que unha oferta pública de contratación electrónica entre empresas sexa cualificada de «Oferta pública de contratación electrónica de transparencia garantida» deberá responder aos seguintes requisitos mínimos:

a) A empresa adxudicadora que decida recorrer a unha oferta pública de contratación electrónica fará mención disto no anuncio de licitación que se publicará na páxina corporativa da empresa de forma accesible e visible para o conxunto das empresas ou para algunhas previamente seleccionadas.

No anuncio de licitación convidarase a presentar ofertas nun prazo razoable a partir da data de publicación do anuncio.

b) As condicións da empresa adxudicadora incluírán, cando menos, información sobre os elementos a cuxos valores se refire a oferta de pública de contratación electrónica, sempre que sexan cuantificables e poidan ser expresados en cifras ou porcentaxes; de ser o caso, os límites dos valores que poderán presentarse, tal como resultan das especificacións do obxecto do contrato; a información que se porá á disposición dos licitadores durante a oferta pública de contratación electrónica e o momento en que, de ser o caso, disporán da dita información; a información pertinente sobre o desenvolvemento da oferta pública de contratación electrónica; as condi-

cións en que os licitadores poderán facer ofertas, e, en particular, as diferenzas mínimas que se exixirán, de ser o caso, para licitar; a información pertinente sobre o dispositivo electrónico utilizado e sobre as modalidades e especificacións técnicas de conexión.

c) Ao longo do proceso da oferta pública de contratación electrónica, a empresa adxudicadora comunicarlles a todos os licitadores, como mínimo, a información que lles permita coñecer en todo momento a súa respectiva clasificación. A empresa adxudicadora poderá, así mesmo, comunicar outros datos relativos a outros prezos ou valores presentados. Os participantes unicamente poderán utilizar a información a que se refire este parágrafo a fin de coñecer a súa clasificación, sen que poidan proceder ao seu tratamento para outra finalidade distinta da sinalada.

d) A empresa adxudicadora pechará a oferta pública de contratación electrónica de conformidade coa data e hora fixadas previamente no anuncio de licitación da oferta pública de contratación.

e) Unha vez concluído o proceso, a empresa informará os participantes da decisión adoptada.

4. O Goberno promoverá que as empresas se adhiran á cualificación de «Oferta pública de contratación electrónica de transparencia garantida» nas súas relacións comerciais.

CAPÍTULO II

Modificacións legislativas para o impulso da sociedade da información e das comunicacións electrónicas

Artigo 4. *Modificacións da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.*

Modifícase a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, nos seguintes aspectos:

Un. Dáselle unha nova redacción ao parágrafo primeiro do artigo 4, co texto seguinte:

«Aos prestadores establecidos en países que non sexan membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo seralles de aplicación o disposto nos artigos 7.2 e 11.2.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ao artigo 8, co texto seguinte:

«Artigo 8. *Restricións á prestación de servizos e procedemento de cooperación intracomunitario.*

1. Caso de que un determinado servizo da sociedade da información atente ou poida atentar contra os principios que se expresan a seguir, os órganos competentes para a súa protección, en exercicio das funcións que teñan legalmente atribuídas, poderán adoptar as medidas necesarias para que se interrompa a súa prestación ou para retirar os datos que os vulneran. Os principios a que alude este número son os seguintes:

a) A salvagarda da orde pública, a investigación penal, a seguranza pública e a defensa nacional.

b) A protección da saúde pública ou das persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de consumidores ou usuarios, mesmo cando actúen como investidores.

c) O respecto á dignidade da persoa e ao principio de non-discriminación por motivos de raza, sexo, relixión, opinión, nacionalidade, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social, e

d) A protección da xuventude e da infancia.

Na adopción e cumprimento das medidas de restrición a que alude este número respectaranse, en todo caso, as garantías, normas e procedementos previstos no ordenamento xurídico para protexer os dereitos á intimidade persoal e familiar, á protección dos datos persoais, á liberdade de expresión ou á liberdade de información, cando estes poideren resultar afectados.

En todos os casos en que a Constitución e as leis reguladoras dos respectivos dereitos e liberdades así o prevexan de forma excluínte, só a autoridade xudicial competente poderá adoptar as medidas previstas neste artigo, en tanto que garante do dereito á liberdade de expresión, do dereito de produción e creación literaria, artística, científica e técnica, a liberdade de cátedra e o dereito de información.

2. A adopción de restricións á prestación de servizos da sociedade da información provenientes de prestadores establecidos nun Estado da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo distinto a España deberá seguir o procedemento de cooperación intracomunitario descrito no seguinte número deste artigo, sen prexuízo do disposto na lexislación procesual e de cooperación xudicial.

3. Cando un órgano competente acorde, en exercicio das competencias que teña legalmente atribuídas, e de acordo co disposto na alínea a) do número 4 do artigo 3 da Directiva 2000/31/CE, establecer restricións que afecten un servizo da sociedade da información que proceda dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo distinto de España, o devandito órgano deberá seguir o seguinte procedemento:

a) O órgano competente requirirá o Estado membro en que estea establecido o prestador afectado para que adopte as medidas oportunas. No caso de que non as adopte ou resulten insuficientes, o dito órgano notificará, con carácter previo, á Comisión Europea ou, de ser o caso, ao Comité Mixto do Espazo Económico Europeo e ao Estado membro de que se trate as medidas que ten intención de adoptar.

b) Nos supostos de urxencia, o órgano competente poderá adoptar as medidas oportunas, notificándolles ao Estado membro de procedencia e mais á Comisión Europea ou, de ser o caso, ao Comité Mixto do Espazo Económico Europeo, coa maior brevidade e, en calquera caso, como máximo, no prazo de quince días desde a súa adopción. Así mesmo, deberá indicar a causa de tal urxencia.

Os requirimentos e notificacións a que alude este número serán realizados sempre a través do órgano da Administración xeral do Estado competente para a comunicación e transmisión de información ás Comunidades Europeas.

4. Os órganos competentes doutros Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo poderán requirir a colaboración dos prestadores de servizos de intermediación establecidos en España nos termos previstos no número 2 do artigo 11 desta lei se o consideran necesario para garantir a eficacia das medidas de restrición que adopten ao abeiro do número anterior.

5. As medidas de restrición que se adopten ao abeiro deste artigo deberán, en todo caso, cumprir as garantías e os requisitos previstos nos números 3 e 4 do artigo 11 desta lei.»

Tres. Suprímese o artigo 9, sobre constancia rexistral do nome de dominio, que queda sen contido.

Catro. Dáselles unha nova redacción ás alíneas b) e f) do número 1 do artigo 10, co texto seguinte:

«b) Os datos da súa inscrición no Rexistro Mercantil en que, de ser o caso, se encontren inscritos ou daqueloutro rexistro público en que o estean para a adquisición de personalidade xurídica ou para os únicos efectos de publicidade.»

«f) Cando o servizo da sociedade da información faga referencia a prezos, facilitarase información clara e exacta sobre o prezo do produto ou servizo, indicando se inclúe ou non os impostos aplicables e, de ser o caso, sobre os gastos de envío ou, se for o caso, aquilo que dispoñan as normas das comunidades autónomas con competencias na materia.»

Cinco. Dáselle unha nova redacción ao artigo 11, co texto seguinte:

«Artigo 11. *Deber de colaboración dos prestadores de servizos de intermediación.*

1. Cando un órgano competente ordenase, en exercicio das competencias que legalmente teña atribuídas, que se interrompa a prestación dun servizo da sociedade da información ou a retirada de determinados contidos provenientes de prestadores establecidos en España, e para iso sexa necesaria a colaboración dos prestadores de servizos de intermediación, o devandito órgano poderalles ordenar aos citados prestadores que suspendan o correspondente servizo de intermediación utilizado para a provisión do servizo da sociedade da información ou dos contidos cuxa interrupción ou retirada fosen ordenados, respectivamente.

2. Se para garantir a efectividade da resolución que acorde a interrupción da prestación dun servizo ou a retirada de contidos procedentes dun prestador establecido nun Estado non pertencente á Unión Europea ou ao Espazo Económico Europeo, o órgano competente estimar necesario impedir o acceso desde España a eles, e para iso for necesaria a colaboración dos prestadores de servizos de intermediación establecidos en España, o devandito órgano poderalles ordenar aos citados prestadores de servizos de intermediación que suspendan o correspondente servizo de intermediación utilizado para a provisión do servizo da sociedade da información ou dos contidos cuxa interrupción ou retirada fosen ordenados, respectivamente.

3. Na adopción e cumprimento das medidas a que se refiren os números anteriores respectarase, en todo caso, as garantías, normas e procedementos previstos no ordenamento xurídico para protexer os dereitos á intimidade persoal e familiar, á protección dos datos persoais, á liberdade de expresión ou á liberdade de información, cando estes puideren resultar afectados.

En todos os casos en que a Constitución, as normas reguladoras dos respectivos dereitos e liberdades ou as que resulten aplicables ás diferentes materias atribúan competencia aos órganos xurisdiccionais de forma excluínte para intervir no exercicio de actividades ou dereitos, só a autoridade xudicial competente poderá adoptar as medidas previstas neste artigo. En particular, a autorización do secuestro de páxinas da internet ou da súa restrición cando esta afecte os dereitos e liberdades de expresión e información e demais amparados nos termos establecidos no artigo 20 da Constitución só poderá ser decidida polos órganos xurisdiccionais competentes.

4. As medidas a que fai referencia este artigo serán obxectivas, proporcionadas e non discriminatorias, e adoptaranse de forma cauteladora ou en execución das resolucións que se diten, conforme os pro-

cedementos administrativos legalmente establecidos ou os previstos na lexislación procesual que corresponda.»

Seis. Inclúese un novo artigo 12 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 12 bis. *Obrigas de información sobre seguranza.*

1. Os provedores de servizos de intermediación establecidos en España de acordo co disposto no artigo 2 desta lei que realicen actividades consistentes na prestación de servizos de acceso á internet, estarán obrigados a informar os seus clientes, de forma permanente, fácil, directa e gratuíta, sobre os diferentes medios de carácter técnico que aumenten os niveis da seguranza da información e permitan, entre outros, a protección fronte a virus informáticos e programas espía, e a restrición dos correos electrónicos non solicitados.

2. Os provedores de servizos de acceso á internet e os prestadores de servizos de correo electrónico ou de servizos similares deberán informar os seus clientes, de forma permanente, fácil, directa e gratuíta, sobre as medidas de seguranza que apliquen na provisión dos mencionados servizos.

3. Igualmente, os provedores de servizos referidos no número 1 informarán sobre as ferramentas existentes para o filtrado e restrición do acceso a determinados contidos e servizos na internet non desexados ou que poidan resultar nocivos para a xuventude e a infancia.

4. Os provedores de servizos mencionados no número 1 facilitaranlles información aos seus clientes acerca das posibles responsabilidades en que poidan incurrir polo uso da internet con fins ilícitos, en particular, para a comisión de ilícitos penais e pola vulneración da lexislación en materia de propiedade intelectual e industrial.

5. As obrigas de información referidas nos números anteriores daranse por cumpridas se o correspondente provedor inclúe a información exixida na súa páxina ou sitio principal da internet na forma establecida nos mencionados números.»

Sete. Dáselle unha nova redacción ao número 2 do artigo 17, co texto seguinte:

«2. A exención de responsabilidade establecida no número 1 non operará no suposto de que o provedor de contidos a que se enlace ou cuxa localización se facilite actúe baixo a dirección, autoridade ou control do prestador que facilite a localización deses contidos.»

Oito. Modifícase o número 3 do artigo 18, que terá o seguinte teor literal:

«3. Os códigos de conduta a que fan referencia os números precedentes deberán ser accesibles por vía electrónica. Fomentaranse a súa tradución para outras linguas oficiais, no Estado e da Unión Europea, con obxecto de lles dar maior difusión.»

Nove. Dáselle unha nova redacción ao artigo 20, co texto seguinte:

«Artigo 20. *Información exixida sobre as comunicacións comerciais, ofertas promocionais e concursos.*

1. As comunicacións comerciais realizadas por vía electrónica deberán ser claramente identificables como tales e a persoa física ou xurídica en nome da cal se realizan tamén deberá ser claramente identificable.

No caso en que teñan lugar a través de correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente incluírán ao comezo do mensaxe a palabra "publicidade" ou a abreviatura "publi".

2. Nos supostos de ofertas promocionais, como as que inclúan descontos, premios e regalos, e de concursos ou xogos promocionais, coa correspondente autorización previa, deberase asegurar, ademais do cumprimento dos requisitos establecidos no número anterior e nas normas de ordenación do comercio, que queden claramente identificados como tales e que as condicións de acceso e, de ser o caso, de participación sexan facilmente accesibles e se expresen de forma clara e inequívoca.

3. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo do que dispoñan as normativas ditadas polas comunidades autónomas con competencias exclusivas sobre consumo, comercio electrónico ou publicidade.»

Dez. Dáselle unha nova redacción ao número 1 do artigo 24, co texto seguinte:

«1. A proba da celebración dun contrato por vía electrónica e a das obrigas que teñen a súa orixe nel suxeitarase ás regras xerais do ordenamento xurídico.

Cando os contratos celebrados por vía electrónica estean asinados electronicamente observarse o establecido no artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.»

Once. Dáselles unha nova redacción á rúbrica e aos números 1 e 2 do artigo 27, co texto seguinte:

«Artigo 27. *Obrigas previas á contratación.*

1. Ademais do cumprimento dos requisitos en materia de información que se establecen na normativa vixente, o prestador de servizos da sociedade da información que realice actividades de contratación electrónica terá a obriga de pór á disposición do destinatario, antes de iniciar o procedemento de contratación e mediante técnicas adecuadas ao medio de comunicación utilizado, de forma permanente, fácil e gratuíta, información clara, comprensible e inequívoca sobre os seguintes aspectos:

a) Os distintos trámites que deben seguirse para subscribir o contrato.

b) Se o prestador vai arquivar o documento electrónico en que se formalice o contrato e se este vai ser accesible.

c) Os medios técnicos que pon á súa disposición para identificar e corrixir erros na introdución dos datos, e

d) A lingua ou linguas en que se poderá formalizar o contrato.

A obriga de pór á disposición do destinatario a información referida no parágrafo anterior darase por cumprida se o prestador a inclúe na súa páxina ou sitio da internet nas condicións sinaladas no devandito parágrafo.

Cando o prestador deseñe especificamente os seus servizos de contratación electrónica para acceder a eles mediante dispositivos que contén con pantallas de formato reducido, entenderase cumprida a obriga establecida neste número cando facilite de maneira permanente, fácil, directa e exacta o enderezo da internet en que tal información é posta á disposición do destinatario.

2. O prestador non terá a obriga de facilitar a información sinalada no número anterior cando:

a) Ambos os contratantes así o acorden e ningún deles teña a consideración de consumidor, ou

b) O contrato se celebre exclusivamente mediante intercambio de correo electrónico ou outro tipo de comunicación electrónica equivalente.»

Doce. Dáselle unha nova redacción ao artigo 33, co seguinte texto:

«Os destinatarios e prestadores de servizos da sociedade da información poderán dirixirse a calquera órgano competente en materia de sociedade da información, sanidade e consumo das administracións públicas para:

a) Conseguir información xeral sobre os seus dereitos e obrigas contractuais no marco da normativa aplicable á contratación electrónica;

b) Informarse sobre os procedementos de resolución xudicial e extraxudicial de conflitos, e

c) Obter os datos das autoridades, asociacións ou organizacións que lles poidan facilitar información adicional ou asistencia práctica.

A comunicación cos devanditos órganos poderase facer por medios electrónicos.»

Trece. Dáselles unha nova redacción aos números 1 e 2 do artigo 35, co texto seguinte:

«1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio no ámbito da Administración xeral do Estado, e os órganos que correspondan das comunidades autónomas, controlarán, nos seus respectivos ámbitos territoriais e competenciais, o cumprimento polos prestadores de servizos da sociedade da información das obrigas establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, no que se refire aos servizos propios da sociedade da información.

Non obstante, as referencias aos órganos competentes contidas nos artigos 8, 10, 11, 15, 16, 17 e 38 entenderanse feitas aos órganos xurisdiccionais ou administrativos que, en cada caso, o sexan en función da materia.

2. Os órganos citados no número 1 deste artigo poderán realizar as actuacións inspectoras que sexan precisas para o exercicio da súa función de control.

Os funcionarios adscritos aos citados órganos e que exerzan a inspección a que se refire o parágrafo anterior terán a consideración de autoridade pública no desempeño dos seus cometidos.»

Catorce. Suprímese a alínea a) do número 2 do artigo 38, que queda sen contido.

Quince. Dáselle unha nova redacción á alínea a) do número 4 do artigo 38, co texto seguinte:

«a) O incumprimento do previsto no artigo 12 bis.»

Dezaseis. Dáselle unha nova redacción ao artigo 43, co seguinte texto:

«1. A imposición de sancións por incumprimento do previsto nesta lei corresponderalle ao órgano ou autoridade que ditou a resolución incumplida ou ao que estean adscritos os inspectores. Así mesmo, as infraccións respecto aos dereitos e garantías dos consumidores e usuarios serán sancionadas polo órgano correspondente das comunidades autónomas competentes en materia de consumo.

2. Na Administración xeral do Estado, a imposición de sancións polo incumprimento do previsto nesta lei corresponderalle, no caso de infraccións moi graves, ao ministro de Industria, Turismo e Comercio, e no de infraccións graves e leves, ao

secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

Non obstante o anterior, a imposición de sancións por incumprimento das resolucións ditadas polos órganos competentes en función da materia ou entidade de que se trate a que se refiren as alíneas a) e b) do artigo 38.2 desta lei corresponderalle ao órgano que ditou a resolución incumprida. Igualmente, corresponderalle á Axencia de Protección de Datos a imposición de sancións pola comisión das infraccións tipificadas nos artigos 38.3 c), d) e i) e 38.4 d), g) e h) desta lei.

3. A potestade sancionadora regulada nesta lei exercerase de conformidade co establecido ao respecto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas normas de desenvolvemento. Non obstante, o prazo máximo de duración do procedemento simplificado será de tres meses.»

Dezasete. Dáselle unha nova redacción á disposición adicional terceira, co texto seguinte:

«Disposición adicional terceira. *Sistema arbitral de consumo.*

O prestador e o destinatario de servizos da sociedade da información poderán someter os seus conflitos á arbitraje de consumo, mediante a adhesión daqueles ao sistema arbitral de consumo competente, que se prestará tamén por medios electrónicos, conforme o procedemento establecido regulamentariamente.»

Dezaoito. Dáselle unha nova redacción ao parágrafo segundo do número un da disposición adicional quinta, co texto seguinte:

«A partir do 31 de decembro de 2008, as páxinas da internet das administracións públicas satisfarán, como mínimo, o nivel medio dos criterios de accesibilidade ao contido xeralmente recoñecidos. Excepcionalmente, esta obriga non será aplicable cando unha funcionalidade ou servizo non dispoña dunha solución tecnolóxica que permita a súa accesibilidade.»

Dezanove. Engádense dous novos parágrafos, que pasarán a ser respectivamente o terceiro e o cuarto, ao número un da disposición adicional quinta, co texto seguinte:

«As administracións públicas exixirán que tanto as páxinas da internet cuxo deseño ou mantemento financien total ou parcialmente como as páxinas da internet de entidades e empresas que se encarguen de xestionar servizos públicos apliquen os criterios de accesibilidade antes mencionados. En particular, será obrigatorio o expresado neste número para as páxinas da internet e os seus contidos dos centros públicos educativos, de formación e universitarios, así como dos centros privados que obteñan financiamento público.

As páxinas da internet das administracións públicas deberanlle ofrecer ao usuario información sobre o seu nivel de accesibilidade e facilitar un sistema de contacto para que poidan transmitir as dificultades de acceso ao contido das páxinas da internet ou formular calquera queixa, consulta ou suxestión de mellora.»

Vinte. Engádense tres novos números, que pasarán a ser os números tres, catro e cinco, á disposición adicional quinta, co texto seguinte:

«Tres. As administracións públicas promoverán medidas de sensibilización, educación e formación

sobre accesibilidade con obxecto de promover que os titulares doutras páxinas da internet incorporen progresivamente os criterios de accesibilidade.

Catro. Os incumprimentos das obrigas de accesibilidade establecidas nesta disposición adicional estarán sometidos ao réxime de infraccións e sancións vixente en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Cinco. As páxinas da internet das empresas que presten servizos ao público en xeral de especial transcendencia económica, sometidas á obriga establecida no artigo 2 da Lei 56/2007, de medidas de impulso da sociedade da información, deberán satisfacer a partir do 31 de decembro de 2008, como mínimo, o nivel medio dos criterios de accesibilidade ao contido xeralmente recoñecidos. Excepcionalmente, esta obriga non será aplicable cando unha funcionalidade ou servizo non dispoña dunha solución tecnolóxica que permita a súa accesibilidade.»

Artigo 5. *Modificacións da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.*

Modifícase a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, nos seguintes aspectos:

Un. Dáselle unha nova redacción ao número 5 do artigo 3, co texto seguinte:

«5. Considérase documento electrónico a información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, para que un documento electrónico teña a natureza de documento público ou de documento administrativo deberá cumprirse, respectivamente, co disposto nas alíneas a) ou b) do número seguinte e, de ser o caso, na normativa específica aplicable.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ao número 8 do artigo 3, co texto seguinte:

«8. O soporte en que estean os datos asinados electronicamente será admisible como proba documental en xuízo. De se impugnar a autenticidade da sinatura electrónica recoñecida coa que se asinasen os datos incorporados ao documento electrónico procederase a comprobar que se trata dunha sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, que cumpre todos os requisitos e condicións establecidos nesta lei para este tipo de certificados, así como que a sinatura se xerou mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura electrónica.

A carga de realizar as citadas comprobacións corresponderalle a quen presentase o documento electrónico asinado con sinatura electrónica recoñecida. Se tales comprobacións obteñen un resultado positivo, presumirase a autenticidade da sinatura electrónica recoñecida con que se asinase o devandito documento electrónico, e as custas, gastos e dereitos que orixine a comprobación serán exclusivamente a cargo de quen formulase a impugnación. Se, a xuízo do tribunal, a impugnación foi temeraria, poderáselle impor, ademais, unha multa de 120 a 600 euros.

Se se impugna a autenticidade da sinatura electrónica avanzada coa que se asinasen os datos incorporados ao documento electrónico, observa-

rase o establecido no número 2 do artigo 326 da Lei de axuízamento civil.»

Tres. Dáselles unha nova redacción aos números 2 e 3 do artigo 13, co texto seguinte:

«2. No caso de certificados recoñecidos de persoas xurídicas, os prestadores de servizos de certificación comprobarán, ademais, os datos relativos á constitución e personalidade xurídica e á extensión e vixencia das facultades de representación do solicitante mediante os documentos públicos que sirvan para acreditar os extremos citados de maneira que faga fe e a súa inscrición no correspondente rexistro público se así resulta exixible. A citada comprobación poderase realizar, así mesmo, mediante consulta no rexistro público en que estean inscritos os documentos de constitución e de apoderamento, para o cal se poderán empregar os medios telemáticos facilitados polos citados rexistros públicos.

3. Se os certificados recoñecidos reflicten unha relación de representación voluntaria, os prestadores de servizos de certificación comprobarán os datos relativos á personalidade xurídica do representado e á extensión e vixencia das facultades do representante mediante os documentos públicos que sirvan para acreditar os extremos citados de maneira que faga fe e a súa inscrición no correspondente rexistro público se así resulta exixible. A citada comprobación poderase realizar, así mesmo, mediante consulta no rexistro público en que estean inscritos os mencionados datos, para o cal se poderán empregar os medios telemáticos facilitados polos citados rexistros públicos.

Se os certificados recoñecidos admiten outros supostos de representación, os prestadores de servizos de certificación deberán exixir a acreditación das circunstancias en que se fundamenten, na mesma forma prevista anteriormente.

Cando o certificado recoñecido conteña outras circunstancias persoais ou atributos do solicitante, como a súa condición de titular dun cargo público, a súa pertenza a un colexio profesional ou a súa titulación, estas deberanse comprobar mediante os documentos oficiais que as acrediten, de conformidade coa súa normativa específica.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ao número 5 do artigo 23, co texto seguinte:

«5. O prestador de servizos de certificación non será responsable dos danos e perdas ocasionados ao asinante ou terceiros de boa fe pola inexactitude dos datos que consten no certificado electrónico se estes lle foron acreditados mediante documento público, inscrito nun rexistro público se así resulta exixible. Caso de que tales datos deban figurar inscritos nun rexistro público, o prestador de servizos de certificación poderá, de ser o caso, comprobalos no citado rexistro antes da expedición do certificado, para o cal poderá empregar os medios telemáticos facilitados polos citados rexistros públicos.»

Cinco. Dáselle unha nova redacción ao número 4 do artigo 31, co texto seguinte:

«4. Constitúen infraccións leves:

O incumprimento polos prestadores de servizos de certificación que non expidan certificados recoñecidos das obrigas establecidas no artigo 18; e o incumprimento polos prestadores de servizos de certificación das restantes obrigas establecidas nesta lei, cando non constituía infracción grave ou moi grave, con excepción das obrigas contidas no número 2 do artigo 30.»

Seis. Engádesse unha disposición adicional, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo primeira. *Resolución de conflitos.*

Os usuarios e prestadores de servizos de certificación poderán someter á arbitrase os conflitos que se susciten nas súas relacións.

Cando o usuario teña a condición de consumidor ou usuario, nos termos establecidos pola lexislación de protección dos consumidores, o prestador e o usuario poderán someter os seus conflitos á arbitrase de consumo, mediante a adhesión daqueles ao sistema arbitral de consumo competente.»

Artigo 6. *Modificación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retailista.*

Engádeselle unha nova alínea i) ao artigo 64 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retailista, coa seguinte redacción:

«i) Os incumprimentos do disposto na alínea d) do número 1 do citado artigo 2 serán sancionables conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a potestade sancionadora corresponderalle ao órgano que resulte competente.»

Artigo 7. *Modificacións da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

Modifícase a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, nos seguintes aspectos:

Un. Modifícanse as alíneas a) e c) do número 1 do artigo 22, que quedan coa seguinte redacción:

«a) Que todos os usuarios finais poidan obter unha conexión á rede telefónica pública desde unha localización fixa e acceder á prestación do servizo telefónico dispoñible ao público, sempre que as súas solicitudes se consideren razoables nos termos que regulamentariamente se determinen. A conexión débelle ofrecer ao usuario final a posibilidade de efectuar e recibir chamadas telefónicas e permitir comunicacións de fax e datos a velocidade suficiente para acceder de forma funcional á internet. Non obstante, a conexión deberá permitir comunicacións en banda larga, nos termos que sexan definidos pola normativa vixente.»

«c) Que exista unha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento, en todo o territorio nacional, que satisfaga razoablemente as necesidades dos usuarios finais, en cobertura xeográfica, en número de aparellos, en accesibilidade destes teléfonos polos usuarios con discapacidades e en calidade dos servizos, e que sexa posible efectuar gratuitamente chamadas de emerxencia desde os teléfonos públicos de pagamento sen ter que utilizar ningunha forma de pagamento, utilizando o número único de chamadas de emerxencia 112 e outros números de emerxencia españois. Así mesmo, nos termos que defina a normativa vixente para o servizo universal, que exista unha oferta suficiente de equipamentos terminais de acceso á internet de banda larga.»

Dous. Introdúcese unha nova redacción na alínea l) do artigo 53, que queda redactada da seguinte forma:

«l) O incumprimento grave ou reiterado das obrigas de servizo público e a grave ou reiterada vulneración dos dereitos dos consumidores e usuarios finais segundo o establecido no título III da lei e

a súa normativa de desenvolvemento, con excepción dos establecidos polo artigo 38.3, cuxa vulneración será sancionable conforme o previsto na alínea z) deste artigo.»

Tres. A alínea o) do artigo 54 queda redactada da seguinte forma:

«o) O incumprimento das obrigas de servizo público e a vulneración dos dereitos dos consumidores e usuarios finais, segundo o establecido no título III da lei e a súa normativa de desenvolvemento, salvo que deban considerarse como infracción moi grave, conforme o previsto no artigo anterior.

Non obstante, a vulneración dos dereitos establecidos polo artigo 38.3 desta lei será sancionable conforme o previsto na alínea r) deste artigo.»

Catro. Modifícase o número 7 do punto 3 do anexo I, que queda redactado como segue:

«As administracións públicas estarán exentas do pagamento desta taxa nos supostos de reserva de dominio público radioeléctrico para a prestación de servizos obrigatorios de interese xeral que teña exclusivamente por obxecto a defensa nacional, a seguranza pública e as emerxencias, así como calquera outro servizo obrigatorio de interese xeral sen contrapartida económica directa ou indirecta, como taxas, prezos públicos ou privados, nin outros ingresos derivados da devandita prestación, tales como os ingresos en concepto de publicidade. Para tal efecto, deberán solicitar, fundamentadamente, a dita exención ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Así mesmo, non estarán suxeitos ao pagamento os enlaces descendentes de radiodifusión por satélite, tanto sonora como de televisión.»

Cinco. Engádesse un novo número 5 á epígrafe 4 «Taxas de telecomunicacións», do anexo I «Taxas en materia de telecomunicacións», coa seguinte redacción:

«5. Estarán exentos do pagamento da taxa de tramitación de autorizacións de uso especial de dominio público radioeléctrico aqueles solicitantes de tales autorizacións que cumpran 65 anos no ano en que efectúen a solicitude, ou que os cumprisen con anterioridade, así como os beneficiarios dunha pensión pública ou que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100.»

Artigo 8. *Modificación dos números 9 e 10 da disposición adicional sexta da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.*

Modifícanse os números 9 e 10 da disposición adicional sexta da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, que quedarán redactados da seguinte forma:

«9. Os recursos económicos da entidade poderán provir de calquera dos enumerados no número 1 do artigo 65 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Entre os recursos económicos da entidade pública empresarial Red.es inclúense os ingresos provenientes do recadado en concepto do prezo público polas operacións de rexistro relativas aos nomes de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España “.es” regulado no número seguinte.

10. Prezos públicos por asignación, renovación e outras operacións rexistrais dos nomes de dominio baixo o “.es”.

A contraprestación pecuniaria que se satisfaga pola asignación, renovación e outras operacións

rexistrais realizadas pola entidade pública empresarial Red.es en exercicio da súa función de autoridade de asignación dos nomes de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España terán a consideración de prezo público.

Red.es, coa autorización previa do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, establecerá, mediante a correspondente instrución, as tarifas dos prezos públicos pola asignación, renovación e outras operacións de rexistro dos nomes de dominio baixo o “.es”. A proposta de establecemento ou modificación da contía de prezos públicos irá acompañada, de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 8/1989, do 13 de abril, que regula o réxime xurídico das taxas e prezos públicos, dunha memoria económico-financeira que xustificará o importe dos prezos que se propoña e o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes.

A xestión recadatoria dos prezos públicos referidos neste número correspóndelle á entidade pública empresarial Red.es, que determinará o procedemento para a súa liquidación e pagamento mediante a instrución mencionada no parágrafo anterior, na cal se establecerán os modelos de declaración, os prazos e as formas de pagamento.

A entidade pública empresarial Red.es poderá exixir a anticipación ou o depósito previo do importe total ou parcial dos prezos públicos polas operacións de rexistro relativas aos nomes de dominio “.es”.

Disposición adicional primeira. *Utilización de caracteres das linguas oficiais de España no “.es”.*

A autoridade de asignación dos nomes de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España («.es») adoptará as medidas que sexan necesarias para asegurar que poidan asignarse nomes de dominio que conteñan caracteres propios das linguas oficiais de España distintos dos incluídos no alfabeto inglés nun prazo máximo de 3 meses desde a entrada en vigor desta lei.

Con carácter previo a que os mecanismos de recoñecemento de caracteres multilingües estean dispoñibles para a asignación de nomes de dominio baixo o código de país “.es”, a autoridade de asignación dará publicidade á posibilidade de solicitar nomes de dominio que conteñan os ditos caracteres e establecerá con antelación suficiente un rexistro gradual para eles. Neste rexistro gradual daráselles preferencia ás solicitudes de nomes de dominio con caracteres multilingües que resulten equivalentes a nomes de dominio baixo o código de país “.es” previamente asignados, nos termos que determine a autoridade de asignación.

Disposición adicional segunda. *Extensión de servizos de acceso a banda larga.*

O Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, impulsará a extensión da banda larga co fin de conseguir, antes do 31 de decembro de 2008, unha cobertura de servizo universal de conexión a banda larga, para todos os cidadáns, independentemente do tipo de tecnoloxía utilizada en cada caso e da súa localización xeográfica.

O Goberno analizará de maneira continua e permanente as diferentes opcións tecnolóxicas e as condicións de provisión de servizos de acceso á internet de banda larga para o conxunto de cidadáns e empresas en España. En particular, colaborarase cos diferentes sectores relevantes interesados, a fin de que asesoren o Goberno na elaboración dun informe anual sobre a situación do uso

dos servizos de acceso á internet de banda larga en España. Este informe será de carácter público e poderá elaborar recomendacións para acelerar o despregamento dos citados servizos.

Para efectos de realizar as análises e informes mencionados nos parágrafos anteriores o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá realizar os requirimentos de información xerais ou particularizados que sexan necesarios nos termos previstos na disposición adicional quinta desta lei.

As análises e informes mencionados deberanse realizar de forma territorializada por comunidades autónomas e compartiranse os datos en formato electrónico coas administracións que o soliciten.

Disposición adicional terceira. *Plan de mellora dos niveis de seguranza e confianza na internet.*

O Goberno elaborará, nun prazo de seis meses, un plan, tecnoloxicamente neutro, para a mellora dos niveis de seguranza e confianza na internet, que incluírá directrices e medidas para aumentar a seguranza fronte ás ameazas da internet e protexer a privacidade on line. Este plan será revisado periodicamente para poder responder ao escenario de ameazas en continua evolución.

Disposición adicional cuarta. *Requirimentos de información para fins estatísticos e de análise.*

1. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, e os órganos estatísticos das comunidades autónomas con competencias en materia de estatística, poderán requirir dos fabricantes de produtos e provedores de servizos referentes ás tecnoloxías da información, á sociedade da información, aos contidos dixitais e ao entretemento dixital a información necesaria para o exercicio das súas funcións para fins estatísticos e de análise.

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá ditar circulares, que deberán ser publicadas no Boletín Oficial del Estado, nas cales se exporá de forma detallada e concreta o contido da información que se vaia solicitar, especificando de maneira xustificada a función para cuxo desenvolvemento é precisa tal información e o uso que pretende facerse dela.

Non obstante o sinalado no parágrafo precedente, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá, en todo caso, realizar requirimentos de información particularizados sen necesidade de que previamente se dite unha circular de carácter xeral.

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá realizar as inspeccións que considere necesarias co fin de confirmar a veracidade da información que, en cumprimento dos citados requirimentos, lle sexa fornecida.

Os datos e informacións obtidos pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información no desempeño das súas funcións, que teñan carácter confidencial por tratarse de materias protexidas polo segredo comercial, industrial ou estatístico, só poderán ser cedidos á Administración xeral do Estado e ás comunidades autónomas no ámbito das súas competencias. O persoal das devanditas administracións públicas que teña coñecemento destes datos estará obrigado a manter o debido segredo e sixelo respecto deles.

As entidades que deben subministrar eses datos e informacións poderán indicar, de forma xustificada, que parte deles consideran de transcendencia comercial ou industrial, cuxa difusión podería prexudicalas, para os efectos de que sexa declarada a súa confidencialidade respecto de calquera persoa ou entidade que non sexan

a propia Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, a Administración xeral do Estado ou as comunidades autónomas, logo da oportuna xustificación. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información decidirá, de forma motivada, sobre a información que, segundo a lexislación vixente, estea exceptuada do segredo comercial ou industrial e sobre a amparada pola confidencialidade.

2. Son infraccións da obriga de cumprir os requirimentos de información establecida no número anterior as condutas que se tipifican nos números seguintes.

As infraccións establecidas nesta disposición adicional entenderanse sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde en que poidan incurrir os titulares das entidades que desenvolven as actividades a que se refiren.

3. As infraccións administrativas tipificadas nos números seguintes clasifícanse en moi graves, graves e leves.

4. Son infraccións moi graves:

a) A negativa reiterada a facilitar á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información a información que se reclame de acordo co previsto nesta lei.

b) Facilitar intencionadamente á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información datos falsos.

5. Son infraccións graves:

A negativa expresa a facilitar á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información a información que se reclame de acordo co previsto nesta lei.

6. Son infraccións leves:

Non facilitar á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información os datos requiridos ou atrasar inxustificadamente a súa achega cando resulte exixible.

7. Pola comisión das infraccións sinaladas nos números anteriores imporáanse as seguintes sancións:

a) Pola comisión de infraccións moi graves tipificadas no número 4, multa desde 25.000 euros ata 50.000 euros.

b) Pola comisión de infraccións graves tipificadas no número 5, multa desde 5.000 euros ata 25.000 euros.

c) Pola comisión de infraccións leves tipificadas no número 6, multa de ata 5.000 euros.

En todo caso, a contía da sanción que se impoña, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta, ademais do previsto no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o seguinte:

a) A gravidade das infraccións cometidas anteriormente polo suxeito ao cal se sanciona.

b) A repercusión social das infraccións.

c) O beneficio que lle reportase ao infractor o feito obxecto da infracción.

d) O dano causado.

As sancións impostas por infraccións moi graves poderán ser publicadas no «Boletín Oficial del Estado» unha vez que a resolución sancionadora teña carácter firme.

8. A competencia para a imposición das sancións moi graves corresponderalle ao ministro de Industria, Turismo e Comercio e a imposición de sancións graves e leves, ao secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

O exercicio da potestade sancionadora suxeitarase ao procedemento aplicable, con carácter xeral, á actuación das administracións públicas.

9. As estatísticas públicas que elabore a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información relativas a persoas físicas ofrecerán os seus datos desagregados por sexo, considerando, se isto resultar conveniente, outras variables relacionadas co sexo para facilitar a avaliación do impacto de xénero e a mellora na efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes.

10. Caso de que a información reclamada en exercicio das funcións establecidas nesta disposición adicional contiver datos de carácter persoal será de aplicación o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional quinta. *Canalizacións para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas e infraestruturas ferroviarias de competencia estatal.*

1. Os proxectos de obras de construción de novas estradas ou de novas liñas de ferrocarril que vaian formar parte das redes de interese xeral deberán prever, de acordo co que se determine regulamentariamente, a instalación de canalizacións que permitan o despregamento ao longo delas de redes de comunicacións electrónicas. Estas canalizacións deberanse pór á disposición dos operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas interesados en condicións equitativas, non discriminatorias, neutrais e orientadas a custos.

As condicións de acceso serán negociadas de mutuo acordo entre as partes. Na falta de acordo, estas condicións serán establecidas mediante resolución da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Nas mesmas condicións, deberá preverse igualmente que se faciliten instalacións para asegurar a cobertura de comunicacións móbiles en todo o percorrido, incluíndo os terreos para a instalación de estacións base, espazos para a instalación dos repetidores ou dispositivos radiantes necesarios para garantir a cobertura en túneles e o acceso a fontes de enerxía eléctrica.

2. Sen prexuízo da notificación a que se refire o artigo 6 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, os organismos públicos responsables da administración das estradas e liñas de ferrocarril de competencia estatal e as sociedades estatais que teñan encomendada a súa explotación poderán explotar as canalizacións ou establecer e explotar as redes de telecomunicacións que discorran polas citadas infraestruturas de transporte nos termos previstos na citada Lei xeral de telecomunicacións, garantindo o acceso dos restantes operadores públicos e privados a elas en condicións de igualdade e neutralidade.

3. Os ministros de Fomento e de Industria, Turismo e Comercio desenvolverán conxuntamente, nun prazo non superior a seis meses, o establecido nesta disposición e determinarán os supostos en que, en función do itinerario, a dimensión e demais circunstancias específicas das novas estradas ou das novas liñas de ferrocarril, os proxectos de obras de construción deberán prever as canalizacións ou instalacións a que se refire o número primeiro.

Disposición adicional sexta. *Base de datos sobre servizos da sociedade da información e servizos de comunicacións electrónicas en España.*

Co fin de mellorar o deseño, execución e seguimento de políticas relativas á sociedade da información, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará, en cola-

boración coas comunidades autónomas, unha base de datos actualizada sobre os servizos da sociedade da información e servizos de comunicacións electrónicas en España. Esta base de datos será sectorizada, como mínimo, por ámbitos territoriais de comunidade autónoma e os datos serán compartidos coas administracións que o soliciten.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá realizar os requirimentos de información xerais ou particularizados que sexan necesarios nos termos previstos na disposición adicional quinta desta lei.

O contido e alcance da base de datos referida no parágrafo primeiro desta disposición adicional serán regulados mediante orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio.

No que respecta a servizos da sociedade da información relativos a administración electrónica corresponde ao Ministerio de Administracións Públicas, en colaboración co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e coas comunidades autónomas, a regulación, elaboración e mantemento do correspondente catálogo.

Disposición adicional sétima. *Axencia Estatal de Radio-comunicacións.*

Dáselle unha nova redacción ao número 13 do artigo 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, que queda redactado da seguinte forma:

«A constitución efectiva da Axencia terá lugar no momento e cos prazos que sinale o real decreto de aprobación do seu estatuto. No citado real decreto determinaranse os órganos e servizos en que se estruturará a Axencia.»

Disposición adicional oitava. *Sede da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.*

Modifícase o número 13 do artigo 48 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, que queda redactado nos seguintes termos:

«13. A Comisión terá a súa sede en Barcelona e disporá do seu propio patrimonio, independente do patrimonio do Estado.»

Disposición adicional novena. *Modificación da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.*

Introdúcese unha nova disposición derradeira, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira terceira. *Bolsa de denominacións sociais, estatutos orientativos e prazo reducido de inscrición.*

1. Autorízase o Goberno para regular unha bolsa de denominacións sociais con reserva.

2. Por orde do ministro de Xustiza poderase aprobar un modelo orientativo de estatutos para a sociedade de responsabilidade limitada.

3. Se a escritura de constitución dunha sociedade de responsabilidade limitada contiver integramente os estatutos orientativos a que fai referencia o número anterior, e non se efectuaren achegas non monetarias, o rexistrador mercantil deberá inscribila no prazo máximo de corenta e oito horas, salvo que non tiver satisfeito o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados nos termos previstos na súa normativa reguladora.»

Disposición adicional décima. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.*

Modifícase o número segundo do artigo 15 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co texto seguinte:

«Non obstante, se a data de comezo das operacións sociais coincide coa de outorgamento da escritura fundacional, e salvo que os estatutos sociais ou a escritura dispoñan outra cousa, entenderase que os administradores xa quedan facultados para o pleno desenvolvemento do obxecto social e para realizar toda clase de actos e contratos, dos que responderán a sociedade en formación e os socios nos termos que se indicaron.»

Disposición adicional décimo primeira. *Acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías da sociedade da información.*

As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán o impulso, o desenvolvemento e a aplicación dos estándares de accesibilidade para persoas con discapacidade e deseño para todos, en todos os elementos e procesos baseados nas novas tecnoloxías da sociedade da información.

Disposición adicional décimo segunda. *Linguas oficiais.*

As administracións públicas deberán fomentar o pluralismo lingüístico na utilización das novas tecnoloxías da sociedade da información, en particular nos ámbitos territoriais en que existan linguas propias.

Disposición adicional décimo terceira. *Regulación dos instrumentos telemáticos utilizados polos profesionais que elaboren proxectos e informes incorporados a procedementos tramitados polas administracións.*

As administracións públicas regularán os instrumentos telemáticos necesarios para ser utilizados polos profesionais debidamente colexiados que elaboren e preparen proxectos e informes que deben incorporarse preceptivamente nos procedementos que tramiten os órganos administrativos.

Disposición adicional décimo cuarta. *Transferencia tecnolóxica á sociedade.*

O Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías de Información e Comunicación (CENATIC), en colaboración cos centros autonómicos de referencia e co Centro de Transferencia de Tecnoloxía entre Administracións Públicas da Administración xeral do Estado, encargárase da posta en valor e difusión entre entidades privadas e a cidadanía en xeral de todas aquelas aplicacións que sexan declaradas de fontes abertas polas administracións públicas, facendo chegar aos autores ou comunidades de desenvolvemento calquera mellora ou achega que sexa realizada sobre elas.

Así mesmo, o CENATIC encargárase do asesoramento xeral sobre os aspectos xurídicos, tecnolóxicos e metodolóxicos máis adecuados para a liberación do software e coñecemento.

Disposición adicional décimo quinta. *Fomento da participación cidadá na sociedade da información.*

Co obxecto de fomentar a presenza da cidadanía e das entidades privadas sen ánimo de lucro e garantir o pluralismo, a liberdade de expresión e a participación cidadá na sociedade da información, estableceranse medios de apoio e liñas de financiamento para o desenvolvemento de servizos da sociedade da información sen finalidade lucrativa que, promovidos por entidades cidadás, fomenten os valores democráticos e a participación cidadá, atendan ao interese xeral ou presten servizo a comunidades e grupos sociais desfavorecidos.

Disposición adicional décimo sexta. *Contidos dixitais de titularidade pública para a súa posta á disposición da sociedade.*

Sempre que pola súa natureza non prexudique o normal funcionamento da Administración, nin afecte o interese público ou o interese xeral, os contidos dixitais ou dixitalizados de que dispoñan as administracións públicas, cuxos dereitos de propiedade intelectual lle pertencen sen restricións ou sexan de dominio público, serán postos á disposición do público, nos termos legalmente establecidos, de forma telemática sen restricións tecnolóxicas, para o seu uso consistente no estudo, copia ou redistribución, sempre que as obras utilizadas de acordo co anteriormente sinalado citen o autor e se distribúan nos mesmos termos.

Disposición adicional décimo sétima. *Cesión de contidos para a súa posta á disposición da sociedade.*

As persoas físicas ou xurídicas poderán ceder os seus dereitos de explotación sobre obras para que unha copia dixitalizada destas poida ser posta á disposición do público de forma telemática, sen restricións tecnolóxicas ou metodolóxicas, e libres para ser usado con calquera propósito, estudados, copiados, modificados e redistribuídos, sempre que as obras derivadas se distribúan nos mesmos termos.

Disposición adicional décimo oitava. *Televisión de proximidade sen ánimo de lucro.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, mediante resolución do secretario de Estado, planificará frecuencias para a xestión indirecta do servizo de televisión local de proximidade por parte de entidades sen ánimo de lucro que estean habilitadas para emitir ao abeiro da disposición transitoria primeira da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, sempre que se dispoña de frecuencias para iso.

Teñen a consideración de servizos de difusión de televisión de proximidade aqueles sen finalidade comercial que, utilizando as frecuencias que en razón do seu uso por servizos próximos non estean dispoñibles para servizos de difusión de televisión comercialmente viables, están dirixidos a comunidades en razón dun interese cultural, educativo, étnico ou social.

A canle de televisión difundida serao sempre en aberto. A súa programación consistirá en contidos orixinais vinculados coa zona e a comunidade a que vaian dirixidos e non poderá incluír publicidade nin televenda, aínda que se admitirá o patrocinio dos seus programas.

A entidade responsable do servizo de televisión local de proximidade non poderá ser titular, directa ou indirectamente, de ningunha concesión de televisión de calquera

cobertura outorgada pola Administración que corresponda.

2. Correspóndelle ao Goberno aprobar o regulamento xeral de prestación do servizo, con carácter de norma básica, e o regulamento técnico en que se establece o procedemento para a planificación das frecuencias destinadas a servizos de difusión de televisión de proximidade, atendendo, entre outros aspectos, ás necesidades de cobertura, poboación e características propias deste servizo.

O devandito regulamento establecerá as condicións técnicas que deberán reunir as frecuencias destinadas a estes servizos, a extensión máxima da zona de servizo, a determinación concreta das potencias de emisión, características e uso compartido do múltiplex asignado para a prestación do servizo e o procedemento polo cal as comunidades autónomas solicitarán a reserva de frecuencias para estes servizos, así como o procedemento de asignación por parte da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

A planificación do espectro para a televisión de proximidade non será prioritaria con respecto a outros servizos planificados ou planificables.

3. Será de aplicación a estas televisións o disposto na Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, e o previsto nos artigos 1, 2, 6, números 2 e 3 do artigo 9, 10, 11, 15, 18, 20, 21, 22 e número 4 da disposición transitoria segunda da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres. Igualmente, seralles de aplicación o disposto na disposición adicional trixésima da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

4. As comunidades autónomas adxudicarán as correspondentes concesións para a prestación de servizos de televisión de proximidade de acordo co regulamento xeral de prestación do servizo e a súa normativa.

5. As concesións para a prestación de servizos de difusión de radio e televisión de proximidade outorgaranse por un prazo de cinco anos e poderán ser renovadas ata en tres ocasións, sempre que a súa actividade non prexudique a recepción dos servizos de difusión legalmente habilitados que coincidan total ou parcialmente coa súa zona de cobertura.

Estas concesións obrigan á explotación directa do servizo e serán intransferibles.

6. As concesións para a prestación de servizos de televisión de proximidade extinguiranse, ademais de por algunha das causas xerais previstas no artigo 15 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, por extinción da personalidade xurídica do seu titular e pola súa revogación.

7. Serán causas de revogación da concesión a utilización daquelas para a difusión de servizos comerciais e a modificación das condicións de planificación do espectro radioeléctrico sen que exista unha frecuencia alternativa.

Disposición adicional décimo novena. *Modificación da Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, e da Lei 36/2007, do 16 de novembro, pola que se modifica a Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e outras normas do sistema financeiro.*

1. Modifícase a alínea b) da disposición derogatoria da Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a

distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, que terá a seguinte redacción:

«b) O parágrafo segundo do número 1 do artigo 83.a) da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.»

2. Modifícanse os números 2, 3 e 4 da disposición transitoria primeira da Lei 36/2007, do 16 de novembro, pola que se modifica a Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e outras normas do sistema financeiro, que terán a seguinte redacción:

«2. Durante o primeiro e segundo período de doce meses posteriores ao 31 de decembro de 2007, as entidades de crédito ou os grupos consolidables de entidades de crédito que utilicen os métodos internos de medición de risco operacional manterán recursos propios que serán en todo momento iguais ou superiores aos importes indicados nos números 3 e 4.

3. Para o primeiro período de doce meses previsto no número 1 e no número 2, o importe dos recursos propios será o 90 por cento do importe total dos recursos propios mínimos que serían exixibles á entidade ou grupo de manterse a regulación vixente o 31 de decembro de 2007.

4. Para o segundo período de doce meses previsto no número 1 e no número 2, o importe dos recursos propios será o 80 por cento do importe total dos recursos propios mínimos que serían exixibles á entidade ou grupo de manterse a regulación vixente o 31 de decembro de 2007.»

Disposición adicional vixésima. *Regulación do xogo.*

O Goberno presentará un proxecto de lei para regular as actividades de xogo e apostas, en particular as realizadas a través de sistemas interactivos baseados en comunicacións electrónicas, que atenderá aos seguintes principios:

1. Asegurar a compatibilidade da nova regulación coa normativa aplicable a outros ámbitos vinculados á prestación deste tipo de servizos, e, en especial, á normativa de protección dos menores, da xuventude, de grupos especialmente sensibles de usuarios así como dos consumidores en xeral, ademais do ámbito de protección de datos de carácter persoal e de servizos da sociedade da información.

2. Establecer unha regulación sobre a explotación de actividades de xogo por sistemas interactivos de acordo coa normativa e os principios xerais do dereito comunitario.

3. Articular un sistema de control sobre os servizos de xogo e apostas por sistemas interactivos que garanta unhas condicións de mercado plenamente seguras e equitativas para os operadores de tales sistemas así como uns adecuados niveis de protección dos usuarios. En particular, deberá regular a actividade daqueles operadores que xa contén cunha autorización para a presentación dos mencionados servizos outorgada polas autoridades de calquera dos Estados membros da Unión Europea.

4. Establecer un sistema de tributación sobre os servizos de xogo e apostas por sistemas interactivos atendendo á orixe das operacións obxecto de tributación. A regulación deberá igualmente prever un sistema de distribución da tributación obtida como consecuencia da explotación de servizos de xogo e apostas por medios electrónicos en España entre a Administración estatal e as comunidades autónomas, tendo en conta a especificidade fiscal dos réximes forais.

5. A actividade de xogo e apostas a través de sistemas interactivos baseados en comunicacións electrónicas só poderá ser exercida por aqueles operadores autorizados para iso pola Administración pública competente,

mediante a concesión dunha autorización tras o cumprimento das condicións e requisitos que se establezan. Quen non dispoña desta autorización non poderá realizar ningunha actividade relacionada cos xogos e apostas interactivos. En particular, estableceranse as medidas necesarias para impedir a realización de publicidade por calquera medio así como a prohibición de utilizar calquera medio de pagamento existente en España. Por outra parte, sancionárase de conformidade coa lexislación de represión do contrabando a realización de actividades de xogo e apostas a través de sistemas interactivos sen contar coa autorización pertinente.

6. A competencia para a ordenación das actividades de xogos e apostas realizadas a través de sistemas interactivos corresponderá á Administración xeral do Estado cando o seu ámbito sexa o conxunto do territorio nacional ou abranga máis dunha comunidade autónoma.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio relativo ás tarifas aplicables pola asignación, renovación e outras operacións rexistradas dos nomes de dominio baixo o «.es».*

Ata que se fixen, de conformidade co que se establece no artigo 8 desta lei, os prezos públicos aplicables pola asignación, renovación e outras operacións rexistradas dos nomes de dominio baixo o «.es» seguirán sendo de aplicación as taxas correspondentes fixadas de acordo coas normas legais e disposicións regulamentarias de desenvolvemento vixentes con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

1. Teñen o carácter de lexislación básica os seguintes preceptos desta lei:

a) Os números 2, 3 e 5 do artigo 1 e os artigos 2 e 6, que se ditan ao abeiro do disposto no número 13.º do artigo 149.1 da Constitución.

b) Os números 1 e 4 do artigo 1, a disposición adicional décimo segunda e a disposición adicional décimo terceira, que se ditan ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.ª da Constitución.

c) A disposición adicional décimo segunda, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.ª e 18.ª da Constitución.

d) A disposición adicional décimo quinta, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.ª da Constitución.

2. Os artigos 3, 4 e 5 desta lei dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 6.ª, 8.ª e 21.ª da Constitución, sen prexuízo das competencias que teñan as comunidades autónomas.

3. Os artigos 7 e 8 e as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta, quinta, sexta, sétima, oitava e décimo cuarta desta lei dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.ª da Constitución.

4. As disposicións adicionais novena e décima desta lei dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.ª e 8.ª da Constitución.

5. As disposicións adicionais décimo sexta e décimo sétima desta lei dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Modificación de leis polas que se incorpora dereito comunitario.*

Mediante esta lei modifícase a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, e a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de

sinatura electrónica, que incorporaron, respectivamente, a Directiva 2000/31/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño do 2000, relativa a determinados aspectos xurídicos dos servizos da sociedade da información, en particular, o comercio electrónico no mercado interior, e a Directiva 1999/93/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 1999, pola que se establece un marco comunitario para a sinatura electrónica.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación ao Goberno.*

Habilitase o Goberno para desenvolver mediante regulamento o previsto nesta lei, no ámbito das súas competencias.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Non obstante, as obrigas contidas no novo artigo 12 bis da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, entrarán en vigor aos tres meses da publicación da lei no Boletín Oficial del Estado, e os artigos 2 e 6 desta lei entrarán en vigor aos doce meses da publicación da lei no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

22457 *REAL DECRETO 1768/2007, do 28 de decembro, polo que se modifica o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril. («BOE» 312, do 29-12-2007.)*

A Comisión Europea remitiu unha carta de citación ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en relación co servizo universal de telecomunicacións ao entender que, en dous temas puntuais, a Directiva 2002/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa ao servizo universal e aos dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de servizo universal), non estaba correctamente trasposta ao noso ordenamento xurídico.

Así mesmo, a Comisión Europea considera na súa carta de citación que non se aplicou correctamente a normativa comunitaria na consulta pública efectuada para a designación do operador encargado de prestar o servizo universal de telecomunicacións.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio remitiu alegacións á Comisión Europea sobre o contido da carta de citación afirmando a adecuación do procedemento seguido para a designación do operador encargado de